

1.ª edición. 1.ª impresión, 2017

5.ª impresión, abril do 2023

© Estibaliz Espinosa, 2017

© Da capa e das ilustracións: Celsius Pictor.

© Da fotografía da autora: Sandra García Rey.

© Aira editorial
Follas Voadoras, SL
Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo
32660 Allariz
aira@airaeditorial.gal
airaeditorial.gal

ISBN: 978-84-947807-2-1

Depósito legal: OU 342-2017

Accede á nosa web con este código e participa nos sorteos e promocións especiais para a comunidade lectora da Aira.



Directora da colección *Fina Rei*: Iolanda Zúñiga.

Maquetación: Miguel Mosquera.

Consello Asesor de Aira Editorial:

Miguel Robledo, Yolanda Ferreiro, Carlos Da Aira, Tatiana López, Luís Carreira,
Xosé Francisco Pedras, Xián Bobillo e Marcos Atrio.

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, de todo ou dunha parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen autorización.



**curios
idade**

simbiose poemas prosa poética

Estibaliz...Espinosa

ilustracións

Celsius Pictor



*a Sandra e a Joana, compañeiras na curiosidade
a Yare, coa curiosidade do que virá*

ao meu irmán Guillermo. In memoriam

...e logo a explosión.

Que existas

f

Cómo se abre paso o que ten que ser
para que así sexa

f

Somos un pouco *ninsesabe*.
Somos o terceiro decimal de pi
empezando pola cola

| 4 |

f

labrar a palabra
tamén é unha forma
de celebrar

I

dar coa palabra

| 5 |

*Estou avezándome a este planeta e á súa curiosa cultura humana,
tan pronto alegremente entusiasta como alegremente cruel*

Annie Dillard

| **curiosa mente** |

Curiosamente
tocounos aquí.

Tocástesme
e
toqueivos.

Nin cen anos antes nin cen despois. Tamén é casualidade. Na aira da antimateria e dos buracos negros sacamos a cabeza polo oco da mesma árbore.

Séndonos apenas un malentendido do carbono que así e todo se sobreentende coa luz

Curiosamente

|⁶| na era en que a enerxía escura florece entre neuronas aínda falamos de *guerra humanitaria* ou de *pobres de solemnidade*. Coido que somos quen de paradoxos mellores, po-eticamente sostibles.

Se non reinventamos
curiosamente
rebentamos

Convivimos coas papuxas –esas aves a se orientaren polas estrelas, emigrantes de noite, cegadas de lumens–, e cos escaravellos peloteiros, tecnicamente entre merda e Vía Láctea. Cuspidiños a nós.


Igual son cábalas, pero as 88 teclas dun piano tócanse con 88 constelacións recoñecidas no ceo; e o eixo da Terra inclínase 23° como 23 pares de cromosomas no cerne das túas células. Tamén é casualidade.

Algo íntimo nos toca en nós e átanos con supercordas ao abismo
ao tacto galáctico dos liques
e á tataravoa que se mutou soa na noite
para dar coa palabra e darte a luz

Non podemos curarnos a curiosidade.
Pedímoslle *peros á alma*, que sempre os dá
e unha vida sen sinestesia
sábenos menos a vida, non?
En canto a ti...


–Perdoa, como lectora teño tamén algo que dicir
–Claro, adiante


«Curiosa
mente...

 Dar coa palabra.
Darse a entender.
Darse.

 «Todo está escrito».
O de riscar e reescribir por riba xa foi cousa nosa

| 8 |

 Existe unha lista de cousas que «non teñen nome»
pero dinse

 nós non nos entendemos
meu
a túa lingua en min
e a miña lingua en ti
si

Cortas en horizontal unha mazá
baixo o horizonte de estrelas.
Dentro aparece
outra estrela.

Ficas perplexa.
Pero mórdela.

O sobrenatural case sempre ao alcance
dunha lingua.

| lingua sobrenatural |

se abres unha mazá
se lle partes o corazón no medio
cun corte crocante
dos que desprenden olor
un cheiro rubio profundo por un silencio
a clorofila

se abres a mazá así entre as túas mans
de primate
esas mans que non coñezo e adoro de antemán

se cortas | a mazá | polo seu | eixo imaxinario | de mazá
o seu ecuador de mazá /a súa traxectoria dividida en dous/
no aire introvertido sobre a cabeza dun Newton que toquea
dun fillo de Guillermo Tell cunha espiñada
se abres a mazá de Turing
a mazá madrastra
a mazá mordida cun xersei de arco iris

se abres as mazás máis mazás de todas as mazás
e todas as mazás do mundo
ácidas e nucleicas
as camoesas que xamais probei
as de Paris volto Hespéríde
ese mozo louco con roupa de muller
mazá travestida
con marcas de dentes e unha drupa fértil
até a voracidade

se o fas

se o fas

mete a lingua na estrela de cinco puntas que rodea o poema



la pomme

la pomme fatale



pebideiro de estrela

semente de cianuro

ácido azul a esclavar enlaces celulares

mete a lingua no que non se atreven outras
mete a lingua até a dor á fin das mazás en flor


|11|


estrela coa túa lingua na semente do abismo
é dicir
rompe a falar


rompe a falar dioivo vivo o que unha vez foi escuro
no centro explosivo dunha froita fetal feita na luz

a túa lingua
cara ao sobrenatural

2012

 Cosmos. Cerebro. Sintaxe. As cavernas máis fascinantes dos humanos a estas alturas da Terra.

|¹²|  A ciencia é literatura. A literatura é ciencia. A curiosidade o seu factor común. A beleza, o vector. A empatía, un dos infinitos resultados

 Boa noite, peixiños de prata (*Lepisma saccharina*) que devorades libros con máis devoción que moitos *sapiens*...

| /////monogamias sucesivas en andeis de Ikea ////////////// |

Que ben quedarían os meus Tolstois entre os teus Dostoevskis
petrificados no xeo do andel central, xusto antes
de fundírense en campos de Nabokovs
efervescentes de Bakunins.

Os meus Coetzees axexaríannos en silencio –madeira que renxe un
pouco–
antes de que os teus Millers chimpanasen ao chan á mantenta
só por desconcentrar as miñas Akhmátovas.

A Woolf de min viría uliscar a túa man
a túa man cunqueirá
e foderíamos en modo pedante, citando a cegas
e logo separaríamos reboándonos Colettes á cabeza
bebéndonos desgrazados gin-Hemingways en bares Pound de Vila-Matas
Moebius e cun aquel de Marcoaurelios
e sábese que volveríamos ser felices clandestinamente
cun Lispector agochado baixo a gabardina
disposto a se enfrontar a todos os teus Mailers
en tarxetas de memoria para tripas electrónicas.

| 13 |

Manuelantonios racheando a súa celulosa para enxendrar en tinta Pizarnik.
Ante a miña mama sen lentes un Sagan, tombado boca arriba baixo
o teito celeste
e Benjamins devorados por tisanuros e avelaíñas na túa casa de campo.

E qué sería daquel libro
que ao roubalo do andel
na parede abría un pasadizo até a cripta dos teus Poes
ligados aos meus Vernes.

Lovecraftados con pesar –ou con vergoña–
de termos aBorgesado, aCortazarado sen medida nin Cernuda. Rulfos
que fan que non se coñecen
no Beckett sen Ende desta vida.

Traga os teus Pynchons que xa me inxecto eu as Jaeggy en vea.
Vellísimas magdalenas enchoupadas en Flauberts e todo
Aristóteles nifrado de Cervantes até o Códax.
Os nosos respectivos gatos non esperaban bocexar de novo entre
Safos e Catulos, soñaban ser Michaux en Asia, si, pero non isto.

Malia que as túas biografías de Bolívar poidan me sorrir un
pouco
o certo é que se han esquecer todas e cada unha das Agotas, das
Szyborskaskas. E as Munro e os Valles,
un a un.


Mentres, nas *billy* baleiras fumea a bosta ao fresco de tanta vaca sagrada
e triste, ao fondo, na cociña, un caldo de centola Gógol que non
come ninguén.


|¹⁴| As frases empezadas para min acabarán en frases para outra
que serán principio da frase doutra máis
e o mesmo os meus Pessoas lombo a lombo con
sabedeusquen
e
atécándo.

Pero por todos os Rimbauds do mundo
deixemos xa de desautorizarnos.
Que arda Alexandría engabetada en alexandrinos.
Que ardan hordas de papel ou babel. Tinta defunta.
Que arda o bosque das Ardenas, a ardora no mar de Fóra.
Personaxes e os seus caracteres derretidos polo lume, frases
inmortais
reducidas a cinza chovida. E naves. As famosas naves.

Qué ben lle senta esquecer a tanta tinta. Até que aparecen uns
Dickens
repentinos ao dobrar a esquina
cargados de novo con papeis.
E as follas da miña Rosalía pásanse soas
en *autoplay* unhas...
E outras saen voando

2012

 Boa noite, libros que se len sendo unha persoa e se relén para caer na conta de que xa somos outra

 A miña proporción áurea: 1 día para escribir multiplicado por 20 para describir = vinte días describindo unha escrita

|16|

 O papel= mutación xenética da galaxia Andrómeda



Pasa páxina, din.
Como se a seguinte fose ter o debuxo

